

PROTOCOLO DE MEDIACIÓN ESCOLAR

É un feito indudable que a conflictividade escolar está a aumentar seriamente nos derradeiros cursos académicos, e que @s nosos alumn@s recorren ffacilmente a agresión verbais, ou incluso físicas, diante de situacións que poderían resolverse co diálogo. Por iso, consideramos necesario desenvolver as estratexias favorables a unha cultura de entendemento, así como os mecanismos e protocolos de actuación necesarios.

Nos derradeiros Cursos académicos, púxose a andar no noso IES, promovido polo Departamento de Orientación do Centro, un **Equipo de Mediación Escolar**, integrado por alumn@s, persoal non docente, pais e nais, e profesor@s, todos eles voluntari@s. Pese as reticencias iniciais, esta decidida aposta pola Mediación resultou, dende un principio, altamente positiva. É así, nos podemos explicar o paulatino aumento d@s seus membros, nos derradeiros anos, e a súa consolidación no organigrama do Centro. Recentemente, segundo a Orde de 17 de Xullo de 2007, incorporouse ó devandito Equipo, a figura d@ Dinamizador@ de Convivencia Escolar.

I. A MEDIACIÓN ESCOLAR:

Trátase dunha forma ou estratexia, *amistosa e voluntaria*, de resolución dos conflitos. A Mediación Escolar preséntase así como unha oportunidade ó dialogo, que se lles brinda ás persoas que teñen un conflito, de falar e escoitarse mutuamente, e que ademais conta coa ineludible presenza dun Mediador/a. Deste xeito, as persoas en conflito, tentan resolver as súas diferenzas e acadar un acordo, voluntario e positivo, sen que ninguén perda. Representa unha aposta decidida pola resolución pacífica dos conflitos, vistos como unha oportunidade positiva de aprendizaxe.

II. CUALIDADES PARA SER MEDIADOR/A:

En principio, pode ser Mediador/a calquer persoa que forme parte da comunidade educativa. Pero, para súa formación, é esencial a súa asistencia ós **Cursos de Formación** a desenvolver, no noso IES, a principios de cada Curso académico. En todo caso, tod@ mediador@s debe reunir as seguintes:

- 1) **Ter disposición** para solucionar conflitos: preocupación polos demais.
- 2) Capacidade para **escoitar (activa)**.
- 3) **Empatía**.
- 4) **Inspirar confianza** e ofrecer **neutralidade**.
- 5) **Non debe arbitrar** nin xulgar.
- 6) Debe amosar unha **absoluta e total discreción**: *a mediación é esencialmente un proceso confidencial*.

@s mediador@s deben favorecer que, entre as partes en conflito, se estableza un clima de:

- **DIÁLOGO** e a **COMUNICACIÓN**: escoita activa...
- **ENTENDEMENTO**: remuiño de ideas, creatividade, empatía...
- **COMPROMISO**: asistencia as sesións, cumprimento dos acordos...

O incumprimento dos supostos requeridos, especialmente ó que respecta á salvagarda da confidencialidade, poderá acarrear a suspensión temporal ou definitiva, a xuízo da Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación, do Equipo de Mediadores Escolares do Centro.

III. CAUSAS MÁIS FRECUENTES DOS CONFLICTOS:

- *Laretadas doutras persoas, alcumes ofensivos, insultos...*
- *Malentendidos, diferenzas de opinión, discusións e liortas...*
- *Ameazas...pelexas... violencia... matonismo...*
- *Amizades que se apedran...*
- *Bromas pesadas...*
- *Persoas que molestan ou angustian ós demais...*
- *Situacións degradantes e inxustas... envexas...*
- *Silencios, indiferencia, menosprezos...*
- *Faltas de respecto para cos demais...*

IV. OBXECTIVOS DA MEDIACIÓN:

- a.- *prever a violencia escolar no noso IES, potenciando a Mediación, como útil ferramenta de resolución pacífica de conflitos.*
- b.- *impulsar a desaparición do maltrato entre iguais.*
- c.- *aprender as habilidades e estratexias necesarias, para a resolución pacífica de conflitos.*
- d.- *procurar un clima de paz e convivencia dentro da nosa comunidade educativa.*
- e.- *impulsar o traballo cooperativo dentro da Comunidade escolar e do Equipo de Mediación.*
- f.- *fomentar un clima socioafectivo, relaxado e productivo, entre os integrantes do Equipo de Mediación.*

V. PRINCIPIOS DA MEDIACIÓN ESCOLAR:

- a.- *é voluntaria.*
- b.- *a escoita (activa) é un elemento clave.*
- c.- *é confidencial.*
- d.- *é unha estratexia amistosa de resolución de conflitos.*
- e.- *non hai gañadores nin perdedores.*
- f.- *desenvólvese con honestidade e franqueza.*
- g.- *neutralidade.*
- h.- *é un acto cooperativo.*

VI. PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN:

As fases a desenvolver no Proceso de Mediación serían:

- Xorde un **conflito, suficientemente relevante**, entre dous/dúas alumnos/as.
- En **Xefatura de Estudio** ofértase, ás partes en conflito, a **Mediación** como a estratexia amistosa de resolución do conflito, o que será valorado como factor atenuante. En principio, consideraránse como casos a mediar, as cuestións relativas á convivencia escolar.
- O **Departamento de Orientación e @ Dinamizador@ de Convivencia Escolar** asignarán **mediador@s** ó caso. Asimesmo as persoas en conflito, entregarán unha Solicitud voluntaria de Mediación, que será asinada polas partes.
- **1ª FASE. PREMEDIACIÓN:** cada mediador@, co fin de recabar información previa do conflito, reunirase por separado cos litigantes. Asimismo, permitirá confirmar a disposición das partes para seguir ó proceso de mediación.
- **2ª FASE. MEDIACIÓN:** desenvolveranse nas sesións que se estimen precisas, entre @s mediador@s e as persoas en conflito.

FASES DO PROCESO DE MEDIACIÓN	
PASOS	CONTIDOS
1. Presentación das regras de xogo.	@s mediador@s escomezarán coas presentacións personais e as normas da mediación.
2. Cántame	Cada unha das partes, explica, por turnos, a súa versión do conflito e os seus sentimentos.
3. Clarexar o problema	@s mediador@s tentarán identificar o conflito, analizando cada un dos elementos da disputa, e dende ambos puntos de vista. Trátase de buscar unha "versión consensuada" do conflito.
4. Propoñer solucións	Mediante o "remuíño de ideas", @s mediador@s axudarán, ás partes, a atopar posibles vías de acordo.
5. Chegar ao Acordo	Tras avaliar as propostas e tendo en conta as ventaxes e dificultades de cada unha, @s mediador@s procurarán achegar ás partes a un acordo, que debe ser: equilibrado, realista, concreto, claro, e aceptable por ambas partes. Redactarase, por escrito, o Acordo Final, segundo os modelos facilitados no Curso de Formación, que deberá ser asinado polas partes e @s alumn@s mediador@s.

Finalmente, dárse traslado do **Acordo Final** ó Departamento de Orientación, ó Dinamizador de Convivencia Escolar, o Titor/a dos alumn@s implicados e a Xefatura de Estudios (?).

- **3ª FASE. SEGUIMIENTO:** cando as circunstancias, así o requiran, @s alumn@s mediador@s farán un seguimento especial e periódico do conflito, co fin de verificar o grado de cumprimento dos acordos.